CN-B5.2	5º-CNB5.2.3 - Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Peso: 2.5%	Coñece algúns avances da ciencia na sociedade.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Posta en común.</p>	<p>CMCT CCL CSC CCEC</p>

• **ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)**

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: Educación audiovisual							
EP-B1.1	5º-EPB1.1.1 - Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas Peso: 2.78%	Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC CSIEE
EP-B1.1	5º-EPB1.1.2 - Debuxa aspectos da vida cotiá. Peso: 2.78%	Debuxa aspectos da vida cotiá.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSIEE
EP-B1.2	5º-EPB1.2.1 - Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. Peso: 2.78%	Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC CCL
EP-B1.2	5º-EPB1.2.2 - Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes. Peso: 2.78%	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC

EP-B1.3	5º-EPB1.3.1 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía. Peso: 2.78%	Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CCEC CCL
EP-B1.3	5º-EPB1.3.2 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial. Peso: 2.78%	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CCL
EP-B1.3	5º-EPB1.3.3 - Recoñece os diferentes temas da fotografía. Peso: 2.78%	Recoñece os diferentes temas da fotografía.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Outras probas específicas.	CCEC
Bloque 2: Expresión artística							
EP-B2.1	5º-EPB2.1.1 - Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. Peso: 2.78%	Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSIEE CCL

EP-B2.1	5º-EPB2.1.2 - Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. Peso: 2.78%	Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSIEE
EP-B2.2	5º-EPB2.2.1 - Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo. Peso: 2.78%	Confecciona planos, e mapas moi simples en grupo.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT CSC
EP-B2.2	5º-EPB2.2.2 - Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula). Peso: 2.78%	Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC CMCT
EP-B2.2	5º-EPB2.2.3 - Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo Peso: 2.78%	Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC
EP-B2.3	5º-EPB2.3.1 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións	Representa con claroscuro de maneira moi básica a sensación espacial.	X		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CCL

	volumétricas. Peso: 2.78%						
EP-B2.3	5º-EPB2.3.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volume. Peso: 2.78%	Experimenta coa superposición de planos para crear volume.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B2.3	5º-EPB2.3.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. Peso: 2.78%	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B2.3	5º-EPB2.3.4 - Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición. Peso: 2.78%	Combina e analiza as cores segundo un criterio persoal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC
EP-B2.3	5º-EPB2.3.5 - Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. Peso: 2.78%	Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC
EP-B2.3	5º-EPB2.3.6 - Constrúe obxectos tridimensionais.	Constrúe obxectos tridimensionais moi sinxelos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCEC CSIEE

	Peso: 2.78%					INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	
EP-B2.4	5º-EPB2.4.1 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. Peso: 2.78%	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.4	5º-EPB2.4.2 - Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción Peso: 2.78%	Organiza os espazos das súas producións bidimensionais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B2.4	5º-EPB2.4.3 - Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. Peso: 2.78%	Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC CMCT
EP-B2.4	5º-EPB2.4.4 - Distingue o tema ou xénero de obras plásticas. Peso: 2.78%	Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC CMCT

EP-B2.4	5º-EPB2.4.5 - Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo. Peso: 2.78%	Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSIEE
EP-B2.5	5º-EPB2.5.1 - Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. Peso: 2.78%	Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC CSC
EP-B2.5	5º-EPB2.5.2 - Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. Peso: 2.78%	Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC
EP-B2.5	5º-EPB2.5.3 - Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. Peso: 2.78%	Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC
EP-B2.6	5º-EPB2.6.1 - Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos	Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSC CAA

	Peso: 2.78%						
EP-B2.6	5º-EPB2.6.2 - Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. Peso: 2.78%	Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CCEC
EP-B2.6	5º-EPB2.6.3 - Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. Peso: 2.78%	Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CCEC
EP-B2.7	5º-EPB2.7.1 - Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. Peso: 2.78%	Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes.	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CD CCEC
Bloque 3: Debuxo xeométrico							
EP-B3.1	5º-EPB3.1.1 - Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)	Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CMCT

	Peso: 2.78%						
EP-B3.1	5º-EPB3.1.2 - Utiliza o trazado de rectas paralelas. Peso: 2.78%	Utiliza o trazado de rectas paralelas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B3.1	5º-EPB3.1.3 - Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas. Peso: 2.78%	Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B3.1	5º-EPB3.1.4 - Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros. Peso: 2.78%	Comeza a manexar os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B3.1	5º-EPB3.1.5 - Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. Peso: 2.78%	Representa o eixe de simetría.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B3.1	5º-EPB3.1.6 - Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.	Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT

	Peso: 2.78%						
--	-------------	--	--	--	--	--	--

6.AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

A avaliación é un elemento fundamental no proceso de ensino- aprendizaxe que ten as súas bases legais na Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, anteriormente citado.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis concretados para cada unha das áreas.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis establecidos para o curso e para todas as áreas.

A avaliación realizarase en diferentes **momentos**:

- **Avaliación inicial:** realizarase unha avaliación inicial de cada alumno/a ao comezo de curso, revisando informes do curso anterior e realizando as probas necesarias que nos permitan recoller información sobre o punto de partida para o novo curso e a detección de posibles necesidades/ dificultades do alumnado.

- **Avaliación continua:** realizada ao longo curso, co fin de analizar o proceso de ensino-aprendizaxe e realizar as modificacións que sexan oportunas. Trimestralmente todo o profesorado que imparte clases no grupo reuniremonos nunha sesión de avaliación.

- **Avaliación final:** que se realizará ao final de curso. Nela avaliaremos o nivel de competencias e obxectivos acadados polo alumnado.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para recoller datos servirémonos de diferentes **procedementos e instrumentos de avaliación**. Todos eles procurarán determinar:

- Grao de adquisición das competencias clave.
- Nivel de consecución dos obxectivos.
- Participación do alumnado nas actividades propostas.
- Actitude cara ás aprendizaxes e coidado dos materiais.

Os procedementos e instrumentos utilizados para a avaliación son os seguintes:

Probas/ controis	escritas	pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita: exames, ditados, controis diarios, fichas de repaso, redaccións...
	lectoras	proba na que o neno/a ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre iso: lecturas compartidas, voz baixa, utilizando todos o mesmo texto, utilizando todos textos diferentes, lectura en voz alta, lectura cooperativa...
	orais	probos concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral: exposicións, dramatizacións, role-playing, presentacións, chistes, contacontos, faladoiros, debates, charlas...
Tarefas finais	exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotiá. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma:	

	debates, dramatizacións, contacontos, investigacións, portfolio...
Caderno de aula	recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.
Observación diaria	valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables, así como a súa actitude e a participación no desenvolvemento das sesións.
Rúbricas	permítennos valorar os aprendizaxes adquiridos ou en vía de adquisición e os produtos finais realizados, coma por exemplo un proxecto ou un caderno.
Tarefas da casa/diarias	exercicios e actividades que perseguen a comprensión e interiorización dos contidos traballados.

• **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, CORRECCIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

PORCENTAXE	INSTRUMENTO /PROCEDEMENTO	INDICADORES
50%	PROBAS/ CONTROIS	- Contidos traballados - Orde e limpeza - Corrección na escritura - Caligrafía lexible
30%	OBSERVACIÓN DIARIA e TAREFAS FINAIS	- Realización de tarefas na casa e na aula. - Traballos, portfolio, investigacións. - Traballo en equipo

10%	CADERNO e RÚBRICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Presentación do caderno - Orde - Limpeza - Caligrafía - Corrección de exercicios
10%	OBSERVACIÓN DIARIA e RÚBRICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Participación e seguemento das clases (intervencións orais, tipos de respostas...) - Esforzo e interese amosado - Creatividade - Coidado do material - Cumprimento das normas - Respecto polos compañeiros/as

Na área de Plástica, a calificación final obterase do seguinte xeito:

PORCENTAXE	INSTRUMENTO	INDICADORES
60%	PRODUCCIÓNS PLÁSTICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Entrega de láminas - Orde e limpeza - Presentación - Entrega dentro do prazo
25%	TRABALLO DIARIO	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo diario na aula - Realización de tarefas na casa - Traballo en equipo - Participación e seguemento das clases (intervencións orais, tipos de respostas...)
15%	OBSERVACIÓN DIARIA e RÚBRICAS	<ul style="list-style-type: none"> - Esforzo e interese amosado - Creatividade - Coidado do material - Cumprimento das normas - Respecto polos compañeiros/as - Coidado do material

		- Cumprimento das normas
--	--	--------------------------

É fundamental para obter calificación positiva que os traballos, investigacións, producións plásticas... se entreguen dentro do prazo establecido.

PROMOCIÓN DO ALUMNADO E MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A ÁREA.

Promocionará de curso o alumnado sempre que se considere que logrou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Tamén o fará o alumnado que, aínda que non superando tódolos obxectivos, xa permanecera un curso máis na etapa (por imperativo legal) agás excepcións (Orde de 27 de decembro de 2002 e no artigo 16 do D.105/2014).

Así e todo, a decisión final do alumnado sobre a súa promoción será tomada na sesión final de avaliación tendo en conta o criterio de todos os mestres/as que imparten docencia no/a alumno/a, e tendo especialmente en conta o criterio da mestra titora.

A continuación detallaranse aqueles mínimos esixibles que o alumnado deberá acadar ao final de curso có fin de superar cada área e/ou promoción:

Mínimos Esixibles da Area de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.

- Responde preguntas concretas sobre o texto traballado.
- Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
- Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
- Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.

- Respecta as opinións dos e das demais.
- Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
- Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.
- Amona un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.
- Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
- Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.
- Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
- Realiza o resumo dun texto sinxelo.
- Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
- Descodifica con precisión e rapidez as palabras.
- Le textos en voz alta con fluidez e precisión.
- Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.

- Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
- Reproduce textos ditados.
- Aplica, de maneira xeral, a norma de ortografía: h, b/v, c/cc, s/x, ll/l/x, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.
- Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido.
- Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación en calquera soporte.
- Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome persoal, adxectivo, determinantes, adverbio, verbo e preposición.
- Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
- Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e o suxeito.
- Aplica normalmente as normas de acentuación básicas.
- Emprega con corrección os signos de puntuación.
- Usa unha sintaxe adecuada.
- Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.

Mínimos Esixibles da Area de Matemáticas.

- Identifica os números romanos.
- Le, escribe e ordena números naturais, fraccións e decimais hasta as milésimas.
- Calcula fraccións equivalentes.
- Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
- Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
- Realiza operacións de suma e resta con números decimais.
- Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma e resta con distintos tipos de números (naturais, decimais e fraccións)
- Identifica múltiplos e divisores coa táboa de multiplicar. o Calculaomcmeomcd.
- Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras.
- Resolve problemas de natureza similar ós traballados na aula.
- Mide con instrumentos (cintas, regras, balanzas) e elixe a unidade axeitada.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie.
- Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.
- Identifica ángulos agudos, rectos, llanos e completos.
- Mide ángulos co transportador.
- Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.
- Calcula o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
- Identifica os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco.

- Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.
- Realiza divisións de 2 cifras.

Mínimos Esixibles da Area de Ciencias Sociais.

- Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
- Participa en actividades individuais e de grupo coidando o material necesario.
- Emprega estratexias de traballo en grupo respectando as opinións dos demais e regras da clase.
- Coñece os termos galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.
o Coñece o movemento de translación terrestre, o eixo de xiro e os polos xeográficos.
- Asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado.
- Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.
- Identifica os diferentes tipos de mapas(físico, político e climático) e os diferentes signos que aparecen nel(lenda, escala, relevo, ríos e límites territoriais).
- Diferencia entre clima e tempo atmosférico e nomea os factores básicos a ter en conta nos mesmos: temperatura, precipitacións, humidade e presión atmosférica.
- Sitúa nun globo terráqueo as tres zonas climáticas básicas.
- Sitúa nun mapa de España os diferentes climas da mesma.
- Diferencia a través de ilustracións elementos da paisaxe: cantís, praia, río, monte...
- Localiza nun mapa as grandes cordilleiras e as tres vertentes da península o Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.

- Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución: conceptos de dereito e deber.
- Localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.
- Define os termos relativos á demografía: natalidade, mortandade, migracións, esperanza de vida e densidade de poboación. esperanza de vida e densidade de poboación.
- Recolle datos dunha pirámide de poboación.
- Describe os principais trazos da poboación española: envellecemento e distribución da poboación.
- Relaciona materia prima con produto elaborado.
- Ordena a través de ilustración a secuencia dende materia prima ata a venda do produto elaborado.
- Clasifica oficios coñecidos en sectores económicos.
- Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.
- Identifica e localiza no tempo algúns dos feitos máis relevantes da historia medieval e moderna de España (reconquista, descubrimento de América e guerra de sucesión) describíndoos brevemente.

Mínimos Esixibles da Area de Ciencias da Natureza.

- Expresa oralmente e por escrito contidos sobre cuestións plantexadas a través da comprensión de textos e/ou escritos.
- É autónomo na planificación e execución de tarefas.

- Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. o Fai un uso axeitado dos materiais de traballo.
- É capaz de realizar un proxecto ou una pequena investigación comunicando os resultados.
- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.
- Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
- Recoñece os efectos dunha alimentación inadecuada sobre a súa saúde.
- Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
- Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
- Clasifica aos seres vivos atendendo aos catro reinos.
- Coñece as principais características dun ecosistema.
- Clasifica materiais segundo as propiedades
- Coñece as diferencias entre enerxías renovables ou non. o Identifica produtos químicos habituais no fogar.
- Recoñece os símbolos de perigo na etiquetaxe.
- Coida o material da aula.
- Coñece os efectos da electricidade da vida cotiá.
- Coñece materiais condutores e illantes.

7.METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica a implementar é fundamentalmente activa, inclusiva, comunicativa e participativa de cara á acadar o logro dos obxectivos e competencias clave seguindo un enfoque globalizador e interdisciplinar.

A metodoloxía de traballo baséase nos seguintes puntos:

- Traballo por **proxectos e tarefas integradas**, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal, interactuando e argumentando as súas decisións.
- **Aprender a pensar**. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.
- Aprender a **observar**, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.
- **Aprendizaxe cooperativa**. Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos **atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva**.
- **Principio de individualización da ensinanza**: Atenderase aos **ritmos e necesidades individuais** do alumnado; é dicir, á diversidade do alumnado.
- Atenderase as **intelixencias múltiples do alumnado**, (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersonal, intrapersonal e musical).
- Partiremos do **método científico e da resolución de problemas** funcionais e relacionados **coa experiencia cotiá** para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.
- **Enfoque globalizado**, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.

- **Aprendizaxe significativa:** tomaremos como punto de partida o que o alumno coñece e teremos en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.
- **Aprendizaxe lúdica:** deseñaremos actividades variadas e con gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.
- **Participación activa:** pretendemos que os alumnos aprendan facendo eles mesmos as actividades (gañando pouco a pouco en autonomía). Deste modo, tentaremos estimular a súa actividade en todos os aspectos: manipulativo, motórico, cognitivo, afectivo...
- Proporcionaranse **variedade de recursos e espazos**, así como **flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo**. No desenvolvemento desta programación é esencial o emprego da Biblioteca escolar como fonte de recursos e como mediadora na adquisición da competencia informacional e do horto escolar como fonte de experiencias. Proporcionarase un ambiente cálido e acolledor.
- **Autoavaliación do alumnado e do profesorado.** Tanto alumnado como o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.
- **Aprendizaxes funcionais:** queremos que o alumno utilice o aprendido cando o precise, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.
- Potenciación da **lectura comprensiva e o gusto pola lectura** no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes.
- **Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación** como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información.

ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Na aula de referencia seguindo o exposto no presente documento.

ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL

A semipresencialidade concíbese como seguir a dinámica de aula a través da plataforma edixgal ao mesmo tempo que os seus compañeiros/as, no mesmo horario e preguntando as dúbidas a través da mensaxería ou, cando sexa posible, mediante videoconferencia.

Deste xeito, a ensinanza irá en paralelo. Procurarase que haxa comunicación coa familia e co alumnado.

Tendo en conta que o alumnado de 5º dispoñen de portátiles de uso persoal e poden facer uso do mesmo sen dependencia da familia, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

1. Estipularase un horario de traballo e marcaranse uns períodos de conexión en directo a través de chats e videoconferencias.
2. Activaranse foros de novas, anunciando os traballos e foros de dúbidas.
3. Promoverase o traballo en equipo con documentos de edición compartida, cando sexa posible.
4. Pautaranse entregas de tarefas nun día concreto cada pouco tempo, axudando ao alumnado a organizarse.

ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

As actividades propostas serán intuitivas e favorecerán o desenvolvemento das distintas intelixencias múltiples e a adquisición das competencias clave. Para isto, as actividades traballarán saberes, procedementos e actitudes e implicaranse contidos, habilidades, actitudes e valores.

Tipoloxía de actividades.

- Comprensión lectora de diferentes tipos de texto
- Actividades lecto-escritura
- Composición creativa de textos
- Búsqueda guiada de información máis relevante
- Traballo con material audiovisual diverso como cancións, vídeos e proxeccións

- Actividades interactivas online
- Comprensión, razoamento e resolución de problemas relacionados coa vida cotiá
- Actividades de razoamento lóxico-matemático
- Actividades de cálculo, numeración e seriación
- Actividades de razoamento viso-espacial

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de actividades dirixidas, mesturando tarefas formativas e lúdicas.

Os principais recursos e materiais empregados serán os seguintes.

- Fichas de elaboración propia.
- Libros en formato online de diferentes editoriais educativas.
- Caderno de tarefas.
- Recursos interactivos.
- Video conferencias a través de Webex.

Seguirase utilizando a plataforma E-Dixgal para o seguemento de contidos, entrega de tarefas, comunicacións co alumnado...

MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNO/A QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINAZA TELEMÁTICA

No suposto de que algún alumno ou alumna non poida seguir a ensinanza telemática, tentarase ofrecerlle unha solución a nivel do centro mediante o préstamo de dispositivos ordenadores, tablets etc.. e ou posibilidade de conexión, tarxeta de datos. De non ser posible, prepararase material para o traballo do alumnado e procederase a realizar a súa entrega , no centro, con cita previa e sempre o mesmo membro da familia.

Para resolver as posibles dúbidas e facer as pertinentes explicacións empregarase o teléfono e tamén se gravarán vídeos que se entregarán en pendrive.

- **TEMPORALIZACIÓN**

A organización do tempo contéplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporización, e a elaboración dun horario de actividade docente, no que se expón as restantes actividades organizativas do centro. O horario do centro será de 8:50 a 13:50 h. con un período de recreo de media hora de 11:20 á 11:50 horas. Tratarei de ter en conta os ritmos e períodos de actividade e fatiga dos alumnos e alumnas, tratando de ter as asignaturas que supoñan máis esforzo intelectual e concentración, nas primeiras horas da xornada e as máis relaxadas ó final da xornada cando os nenos están máis cansos.

- **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Ao comezo do curso farase unha avaliación inicial dirixida a cada alumno/a do curso, co obxecto de determinar os seguintes aspectos:

- O coñecemento previo específico das áreas curriculares, facendo especial fincapé nas instrumentais.
- As características persoais.
- As aptitudes ou habilidades intelectuais.
- A actitude.

Instrumentos para a realización da avaliación inicial

Os instrumentos utilizados para a avaliación inicial son os seguintes:

- Observación directa.
- Probas escrita.

- Análise de **traballos escritos**: estrutura do texto, marxes, limpeza, orde, grafía, vocabulario, signos de puntuación, argumentación, coherencia, ortografía, segmentación de palabras...
- **Competencia lingüística** realizarase unha proba de lectura, valorando diversos aspectos como velocidade, comprensión, entonación, etc.
- **Expresión e comprensión oral**, a través da observación directa na participación de asambleas, debates...
- **Competencia matemática**, as probas inclúen actividades de numeración, de cálculo, de seriación, de resolución de problemas...

Unha vez obtidos os resultados da avaliación inicial, se estes non son satisfactorios, tomaranse as decisións oportunas para abordar os déficits atopados.

As medidas a implementar serán:

- Reforzo educativo na aula por parte da titora.
- Reforzo dentro do grupo cooperativo de traballo.
- Apoio por parte da mestra de PT no caso de considerarse conveniente.
- Reunión cos pais ou representantes legais para informar da situación e establecer pautas a seguir, tanto na casa coma na escola, para abordar a situación.

• **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTIVOS**

• **Recusos Personais**

- Equipo directivo.
- Orientador de referencia do EOE.
- Equipo docente do grupo, formados por: mestra titora e resto do profesorado que imparte clases ao alumnado do grupo.

- Equipo de Orientación e Apoio (EOA), formado por: Profesorado de Pedagogía Terapéutica e profesorado de Audición e Linguaxe.

- **Recursos Materiais**

A continuación faise referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar 2021-22:

O alumnado de 5º EP comeza este curso en EDIXGAL, polo cal cada un deles disporá dun equipo persoal e terá a súa disposición o libro dixital de cada materia.

MATERIAIS DO ALUMNO/A	MATERIAIS DE AULA	MATERIAIS E RECURSOS DE CENTRO
<ul style="list-style-type: none"> - Equipo informático. - Cadernos de traballo. - Dicionarios. - Materiais funxibles e non funxible 	<ul style="list-style-type: none"> - Láminas. - Cds - Caixa de xogos e materiais didácticos. - Encerado dixital interactivo. Encerado de xiz... 	<ul style="list-style-type: none"> - Material da biblioteca. - Material informático. - Material funxible e non funxible.

- **Organización dos espazos.**

O agrupamento dos alumnos/as é unha esixencia da diversidade e un indicador da autonomía do centro, e ten como finalidade garantir que todos os alumnos/as aprendan e consigan os obxectivos educativos marcados.

A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos.

O agrupamento de alumnos/as non ten porque limitarse a un único modelo, xa que suporía frear o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son, dos que imos a utilizar segundo o tipo de actividade a desenvolver son: individuais, parellas, pequeno grupo, gran grupo e equipos de traballo cooperativo.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Tras ter realizada a avaliación inicial, informarase ao Departamento de Orientación das posibles dificultades de aprendizaxe atopadas, tratando de intervir nestes casos coa maior premura, dada a importancia da detección e intervención temperá de dificultades de aprendizaxe. De ser o caso, iniciaranse os reforzos ou apoios necesarios dentro da aula e, de considerarse necesario proporase a intervención dos especialistas en PT ou AL.

No que se refire ao reforzo na aula, este farase dando aos alumnos distintos tempos segundo o seu ritmo de aprendizaxe, adaptando a metodoloxía cando sexa necesario, utilizando recursos variados, reforzando as aprendizaxes, recurrido á titorización por parte doutros alumnos en momentos determinados, etc.

Programas de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas.

A finalidade das medidas que se adopten é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

- Partiremos dos coñecementos previos de cada neno/a e dos seus puntos fortes e debilidades para adaptar e individualizar o proceso de ensino- aprendizaxe.
- As tarefas de aprendizaxe partirán de experiencias cotiás do día a día do alumnado e integrarán distintas competencias así como atenderán ás diferentes intelixencias múltiples e aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Ofreceremos unha gran variedade de actividades e experiencias, atendendo ás características individuais e ás habilidades de cada un.
- Potenciarase a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.
- Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos ...
- Favorecerase un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo na aula. Promoverase a participación do alumnado na organización de espazos e tempos.
- Atenderase aos distintos estilos de aprendizaxe.

Ademais, e segundo a LOMCE, no seu artigo 16, adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE, establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

- Detectar e dar resposta as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.
- Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.
- Efectuar programas de diversificación curricular nos casos precisos.

- Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

9.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais, establecidos no currículo (artigo 11 do Decreto 105/2014 do 4 de setembro) a traballar a través das diferentes áreas, poden indicarse citando os estándares concretos das diferentes áreas relacionados con estes elementos transversais.

O currículo fala exactamente, entre outros, de “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “

A maiores do que vén establecido no Currículo, na presente programación os temas transversais traballaranse a través das datas de obrigada conmemoración, recollidas na Orde do 19 de maio de 2021, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Dende as diferentes unidades traballaranse contidos relativos á educación en valores, contribuindo á adquisición de habilidades e destrezas propias das competencias sociais e cívicas, educación dixital e competencia en comunicación lingüística con especial énfase.

Porase especial fincapé no desenvolvemento do:

- Respecto polo medio ambiente, potenciando un consumo responsable e unha correcta xestión de residuos, así como o respecto aos seres vivos e aos ecosistemas nos que se desenvolvan.
- Os valores cívicos, sociais e culturais que sustentan unha sociedade plural e democrática.
- O espírito crítico e emprendedor que se traballarán por medio dos grupos de traballo cooperativo e a participación en programas.

- A creatividade
- O uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, a través do seu uso como recurso medio (cámara de fotos, gravadora, internet, visionado de reportaxes, curtas ...)
- A comprensión e a expresión tanto oral como escrita.
- A lectura comprensiva de textos e imaxes, como aspecto clave para acadar os obxectivos curriculares.

Ademais, a escola fomentará:

- Inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación por motivos de discapacidade.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, Prevención da violencia de xénero, igualdade de trato e non discriminación.
- Promoverá a resolución pacífica de conflitos, e os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos e rexeitamento da violencia terrorista e o especto polo estado de dereito.
- Prevención do racismo, xenofobia.
- Prevención de estereotipos sexuais e da discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero (LGBIT).
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Riscos da explotación e abuso sexual.
- Riscos derivados da utilización das tecnoloxías da información e comunicación.
- Desenvolvemento do Espírito emprendedor.
- Seguridade viaria para a mellora da convivencia.

En resumo, educaremos ao noso alumnado en:

- Educación para a IGUALDADE: por motivos de discapacidade, de xénero, social-económica, racial, relixiosa...
- Educación para a PAZ: resolución e prevención de conflitos, violencia de xénero, terrorismo, guerra, explotación e abuso sexual ...
- Educación para a SAÚDE: prevención de abuso das TICs, ludopatías, alimentación, actividade física, educación para o consumo, educación viaria...
- Educación AMBIENTAL

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, xunto co resto dos Equipos e o conxunto do profesorado do centro, acordarán e organizarán as distintas visitas e actividades culturais para o longo do curso. Entre elas atópanse a participación en festividades, campañas, celebracións, tales como:

- Día dos Dereitos do Neno.
- Día da Constitución.
- Festa de Nadal.
- Día da Non Violencia e a Paz.
- Festa de Entroido.
- Días da Igualdade e da Muller.
- Semana do libro e da prensa.
- Día de Europa.
- Día das Letras Galegas.
- Festa de Fin de Curso.

- Celebración do magosto.
- Samaín.

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos mestres que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán avaliábeis para os efectos académicos e obrigatorias tanto para os mestres como para os alumnos.

Non obstante, terán carácter voluntario para os alumnos as que se realicen fóra do centro ou que precisen achegas económicas das familias, caso en que se garantirá a atención educativa dos alumnos que non participen nelas.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

11. APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO .

O Proxecto Anual do centro tratará sobre a reciclaxe e a sustentabilidade, polo que as conmemoracións e festividades que se celebren estarán relacionadas con esa temática.

Así mesmo, dende a ANPA do centro, organizouse un Proxecto que se chama “A Igualdade: un mar de oportunidades”, coa finalidade de realizar actividades que promovan a igualdade e a prevención da violencia de xénero. Este proxecto desenvolverase entre setembro e novembro de 2021, realizando diversas actividades, como: charlas sobre o uso adecuado da internet e das novas tecnoloxías, concursos de debuxos, obradoiros...

Continuaremos co proxectos relacionados coas TIC como o DIY craft.

Plan lector: O centro conta cunha biblioteca sendo ademais un centro PLAMBE onde o alumnado de Primaria realiza o préstamo o devolución dos libros que leva para casa, este realizase un día á semana que é determinado polo equipo que leva a biblioteca.

Na clase reservarase un recuncho no que se atopa unha pequena biblioteca de aula que os alumnos farán uso dela para tomar contacto cos libros e onde poden escoller o libro que queren ler.

Ao longo do curso levarase a cabo, entre outras actividades acordadas no Plan Lector, as seguintes: Todos os días despois do recreo: 20 minutos (PLAN LECTOR)

Plan de convivencia: Contribuirase ao plan de convivencia respectando e facendo respectar todos os preceptos establecidos polo mesmo e tentando que o ambiente da clase sexa propicio para a aprendizaxe e o traballo, tamén o traballo cooperativo, que consideramos fundamental como unha ferramenta para mellorar a relación entre o alumnado, as intelixencias comunicativas e interpersoais e a resolución pacífica de conflitos. Algunhas das actividades que se farán son: elaboraránse as normas do grupo de maneira consensuada co alumnado (plasmarse de forma verbal e plástica), actividades que sirvan para identificar cualidades positivas dos membros do grupo, dar solucións alternativas a problemas plantexados para outros membros do grupo e así potenciar o coñecemento mutuo e favorecer o autoconhecimento e autoconcepto...

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A avaliación non só se aplicará á aprendizaxe dos alumnos/as, senón tamén á revisión da propia práctica docente para o cal se establecerán indicadores de logro nas programacións tal e como se recolle no artigo 12º da Decreto 105/2014 do 4 de setembro.

Os seguintes **indicadores de logro** servirán para reflexionar sobre a actuación cos alumnos/as e sobre os aspectos recollidos na programación.

INDICADORES AVALIABLES	SEMPRE	HABITUALMENTE	ÁS VECES	NUNCA
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.				
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.				
Consegiuse a participación activa do alumnado.				
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.				
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa				

correcta adquisición.

Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coevaluación en grupo.

Proporciónouse ao alumnado un “feedback” de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.

Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación aos aspectos a valorar.

Realizouse a programación da miña actividade educativa planificando algunhas tarefas.

Lévanse a cabo na práctica os acordos de centro para avaliar as Competencias Clave, así como os criterios de avaliación das áreas tomando como referencia dos mínimos dos estándares acordados

Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.

Os recursos foron diversos, variados, do contorno

próximo e adaptado ás características do alumnado.

Planifíco a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado e equipos.

Usamos diferentes medios de información ás familias.

Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.

Utilízouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino aprendizaxe.

Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.

Tiveronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos (traballo cooperativo, en grupo, parellas...) e propostas.

Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo a flexibilidade, en función da

vida cotiá do centro e da aula.

Nas saídas didácticas a planificación foi a axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, a propia actividade...

13. PLAN DE ACTIVIDADES DE REFORZO OU RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE REPITE.

No grupo de 5º non hai alumnado con materias pendentes.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

No presente curso escolar 2021-22, un alumno con NEAE recibe apoio específico da especialista de Pedagogía Terapéutica. Ao longo do curso, poderá ir modificándose o apoio en función dos progresos acadados e das necesidades que poidan xurdir.

O meu horario lectivo está cuberto con atención directa ao alumnado, agás unha sesión de Dinamización EDL e unha sesión semanal para reunirme coa especialista de Audición e Linguaxe e a Orientadora. Nesta reunión comentaremos os aspectos máis importantes sobre o alumnado que atendemos. Debido a falta de horas dispoñibles para manter reunións coas titoras e co resto do profesorado, será a Orientadora a encargada de transmitirnos a información necesaria achegada polo resto do profesorado e das familias, e tamén lles comunicará a eles os temas tratados e os acordos acadados nesta reunión semanal. Sería moi interesante que a estas reunións acudise o profesorado que teña interese en compartir información ou materiais específicos, así como buscar solucións a situacións delicadas que poidan xurdir en momentos puntuais.

Ademáis destas sesións é necesario manter reunións periódicas, polo menos unha ao mes, co equipo docente do alumnado con NEAE para traballar de xeito coordinado.

Débase empregar unha metodoloxía conxunta, altamente motivadora. Os contidos hai que traballalos de xeito global e empregar todos os recursos materiais e persoais necesarios para acadar os obxectivos marcados. Os métodos multisensoriais son os máis eficaces para acadar uns bos resultados a nivel persoal e académico.

Tendo en conta a Lei de protección de datos e a Lei do menor, o programa de intervención específico deste alumno está custodiado polo Xefe do Dpto de Orientación do centro. No programa desenvólvense os aspectos a traballar ao longo do curso, en función das necesidades do alumnado e o currículo de 5º de Ed. primaria.

Ao longo do curso estableceremos as condicións necesarias para a reeducación das dificultades na lecto-escritura:

- Orientación espacial.
- Lateralidade.
- Percepción visual e auditiva.
- Memoria inmediata e secuencial.
- Correcta articulación.
- Ritmo.
- Capacidade de simbolización.
- Análise-síntese.
- Figura-fondo.
- Habilidades grafomotoras.
- Coordinación óculo-manual.
- Memoria secuencial.
- Vocabulario.
- Secuenciación temporal.

- Velocidade lectora.
- Ortografía.
- Imaxinación e creatividade.

Traballaremos a relaxación, autoestima, equilibrio emocional, atención, concentración e motivación.

*Terapia visual: exercicios de estimulación visual para o control dos movementos oculares.

Observacións: Por mor da pandemia debido á Covid-19, teremos que ser moi estritos coas medidas de hixiene e distancia social e poñernos en todas as situacións posibles:

No caso de manterse as clases presenciais sería máis seguro e hixiénico realizar o apoio na aula específica que no centro hai de pedagogía terapéutica, xa que é máis doado levar a cabo as medidas de hixiene e distancia social, pois estaría o alumno en pequeno grupo coa mestra e todo o material é desinfectado antes e despois de cada uso, así como a correcta ventilación da estancia. Ademais nese aula hai moito material específico multisensorial, tecnolóxico, de psicomotricidade... altamente motivador que axudaría a manter a súa atención e concentración acadando mellores resultados en menos tempo.

De facer os apoios dentro da aula ordinaria faremos o posible para cumprir as normas do protocolo Covid do centro.

De darse o caso de clases semipresenciais ou non presenciais estableceríamos un programa de traballo coordinado coa familia, mantendo unha comunicación fluida a través do correo electrónico e videochamadas, así como a aula virtual e a páxina web do centro, tratando de atender as necesidades do alumno e da familia na medida das nosas posibilidades.

Especialista en Pedagogía Terapéutica

M.^a Lourdes FernándezRuiz.

15. PD INGLÉS

INTRODUCCIÓN CONTEXTO

2.1. Contexto particular do centro

2.2. Plan de lectura

2.3. Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación

2.4. Características dos grupos no tocante á aprendizaxe

3. DESEÑO CURRICULAR

3.1. Currículo

3.2. Obxectivos

3.3. Competencias Básicas

3.3.1. Competencias Básicas nesta materia

3.4. Contidos

3.5. Metodoloxía

3.5.1. Metodoloxía Didáctica

3.5.2. Materiais e recursos didácticos

3.5.3. Actividades

3.5.4. Organización de tempos, agrupamentos e espazos

3.5.5. As medidas de atención para a diversidade dos alumnos

3.6. Avaliación

3.6.1. Procedementos de avaliación

3.6.2. Recursos de avaliación

3.6.2.1. Criterios de avaliación

3.6.2.2. Patróns de aprendizaxe medibles

3.6.2.3. Rúbrica de avaliación de competencias

3.6.3. Elementos de avaliación

1. INTRODUCCIÓN

1. As Competencias Clave.

A sociedade actual, cada vez mais heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Dende a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplica-lo que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostra-los coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destaca-lo carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así coma criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

CONTEXTO

2. 2.1. Contexto particular do centro

Centro Ceip Fontes-Baíña

Rúa As Fontes, 16

Localidade Baiona

Provincia Pontevedra

Código Postal 36308

Composición do departamento de linguas estranxeiras

FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ CISNEROS

Distribución do alumnado

Curso	Nº de alumnos/as	Nº de grupos
5º	17	1

2.2. Plan de lectura

Propoñemos as seguintes actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e/ou tema da unidade na casa.

2.2 Plan de Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> • Favorece-la aprendizaxe da lingua estranxeira. • Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas. • Facilita-lo acceso á información en soporte dixital. • Investigar e contrastar información. • Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais. • Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc. • Crear documentos en formato dixital. • Descargar e compartir recursos. • Outros.
Recursos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conexión a ▪ Internet Sala de ▪ informática ▪ Ordenadores, tabletas, netbooks, portátiles Lousa dixital ▪ Outros.
Programas / Aplicacións:	<ul style="list-style-type: none"> • Páxinas web • Wikis • Procesadores de texto • Ebooks • Blogs • <i>Skype</i> • <i>Google sites</i> • Redes sociais • Outros
Otros:	<ul style="list-style-type: none"> ▪

2.2. Características dos grupos no tocante á aprendizaxe

Xerais

.....

Grupo A

- Gústalles aprender mentres xogan ou realizan actividades lúdicas.
- Mostran con facilidade/dificultade a súa creatividade e imaxinación.
- Resulta doado/difícil esperta-la súa curiosidade.
- Disgústalles/gústalles expresa-lo que senten.
- Mostran capacidade/incapacidade para organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.
- Son/ non son conscientes das vantaxes de traballar de forma cooperativa na clase.
- Exprésanse de maneira coherente/incoherente e correcta/incorrecta na súa propia lingua.
- Non precisan/ precisan enteder tódalas palabras dun texto para comprendelo.
- Gústalles/disgústalles ler na casa.
- Outras.

3. DESEÑO CURRICULAR

1. 3.1. Currículo

A definición de currículo que a Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa recolle no seu artigo 6 é a seguinte: enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

- a) Os **obxectivos** de cada ensinanza e etapa educativa: referentes relativos ós logros que o alumno debe alcanzar ó finaliza-lo proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin.
- b) As **competencias**, ou capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, coa fin de logra-la realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, estratexias, destrezas e actitudes que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en disciplinas, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas nos que participe o alumnado.

- d) A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.
- e) Os **criterios de avaliación** do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa: referentes de avaliación que definen o que se quere valorar, o que o alumnado debe lograr, tanto en termos de conceptos como en procedementos ou actitudes. Responden directamente ó que se pretende lograr coa materia.
- f) Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis**: concrecións dos criterios de avaliación que permiten defini-los resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber e saber facer en cada materia. Deben permitir gradua-lo coñecemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

2. 3.2. Obxectivos

As exixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente mais internacional, multicultural e multilingüe á vez que tecnolóxicamente mais avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da *Estratexia de Lisboa*. Pola súa parte, o *Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo* para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respecta-los dereitos humanos, así coma o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así coma actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así coma nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respetar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

- e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá e, se a houbera, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, ó menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotidianas.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñece-los aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.
- i) Iniciarse no emprego, para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valora-la hixiene e a saúde, acepta-lo propio corpo e o dos demais, respectar as diferencias e emprega-la educación física e o deporte como medios para favorece-lo desenvolvemento personal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolve-las súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así coma unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.
- n) Fomenta-la educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3. 3.3. Competencias Básicas

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe entre os que se atopan as *competencias básicas*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás competencias básicas que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Frente a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos mais o u menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo mais que unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación personal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre

(obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade obligatoria para enfrontarse ós retos da súa vida personal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias? De forma sucinta, e recollendo o mais significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas aporta o seguinte á formación persoal e intelectual do alumno:

- **Competencia en comunicación lingüística.**

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese polo

aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmáticodiscursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

- **Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

- **Aprender a aprender**

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se converten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

- **Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e auto-avaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

- **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

3.1. 3.3.1. Competencias Básicas nesta materia

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ao incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

3.2.

3.3.2. Competencias Básicas

▪ **Competencia en comunicación lingüística:**

Todos os libros de Oxford University Press ofrecen unha a gran variedade de actividades que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento

sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar.

En Oxford Rooftops os alumnos utilizarán a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, desenvolvendo esta competencia en todas as unidades.

▪ **Competencia dixital:**

Esta competencia desenvólvese en todas as unidades a través de:

- O uso do **iPack** en todas as leccións para a presentación e revisión do vocabulario, gramática e fonética, visualización das versións animadas das cancións, historias e films / videos e blogs, e participación nos xogos para consolidar os contidos.
- Recursos na web con práctica interactiva, video, material de audio para os ditados do WB, etc.
- Os libros dixitais dispoñibles.

▪ **Competencias sociais e cívicas:**

En cada unha das unidades realízanse actividades que fomentan o bo comportamento e respecto cara aos demais así como as boas maneiras de actuar en cada lugar.

- En todas as unidades se aprende sobre un tema en valores relacionado co tema da unidade, **Community Values**, cos que os alumnos reflexionan e toman conciencia sobre o bo comportamento e foméntase a auto-estima, a actitude positiva, a tolerancia e o respecto:
 - Unidade 1: *Sometimes we have to work on things we're not good at!*
 - Unidade 2: *Cycling and walking keeps the air in your city clean!*
 - Unidade 3: *Keep your city, town or village clean. Your country is for everyone.*
 - Unidade 4: *All jobs are important and contribute to our community.*
 - Unidade 5: *Listen to music quietly in public places. Use headphones.*
 - Unidade 6: *Cultural events are a great way to learn about other countries.*

- As historias, por outra parte, fomentan habilidades sociais como a cooperación e o respecto cara aos demais, o traballo en equipo, a valoración das opinións dos demais, etc.
- As actividades por parellas, como a práctica de pequenos diálogos, favorece as relacións sociais entre os alumnos, a cooperación e o traballo en equipo.

- **Conciencia e expresións culturais:**

Todas as unidades de *Oxford Rooftops* ofrecen a posibilidade de desenvolver esta competencia a través de leccións culturais relacionadas con aspectos da cultura británica e outros aspectos de culturas doutros países:

- Unidade 1: visualizan e len unha historia sobre hobbies activos: *Totally football!*; aprenden a través dun blog sobre Brasil.
- Unidade 2: visualizan e len unha historia sobre transportes públicos: *Totally transport!*; aprenden a través dun blog sobre o transporte en Italia.
- Unidade 3: visualizan e len unha historia sobre Escocia: *Totally Scotland!*; aprenden a través dun blog sobre un mercado en Polonia.
- Unidade 4: visualizan e len unha historia sobre distintos traballos: *Totally nine to five!*; aprenden a través dun blog sobre o traballo dun policía francés.
- Unidade 5: visualizan e len unha historia sobre distintos tipos de música: *Totally music and dance!*; aprenden a través dun blog sobre a música en Xapón.
- Unidade 6: visualizan e len unha historia sobre celebracións: *Totally Carnival!*; aprenden a través dun blog sobre a celebración de La Tomatina en España.
- A sección *Read more!* ao final do Class Book e Activity Book, esténdense os contidos culturais sobre outros países.

Todas as unidades ofrecen a posibilidade de poder expresarse ben mediante escenificacións, cancións, debuxos, cut-outs e representacións e expresións de forma escrita tanto no libro do alumno coma no de actividades.

- **Aprender a aprender:**

Todas as unidades ofrecen a posibilidade de desenvolver esta competencia a través de actividades de repetición, actividades de predición, exposición das historias con formato de guión, practicando xogos de memoria e lóxica, categorizar o vocabulario, e reflexionando sobre o seu propio progreso co Self Evaluation.

Inclúense recadros Learn to learn achegando técnicas e estratexias de aprendizaxe.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

O sentido da iniciativa é outra das competencias que se ten en conta dentro dos diferentes niveis, xa que o método axuda aos alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real.

- **Matemática, ciencia e tecnoloxía:**

Diferentes actividades traballadas ao longo de libro do alumno axudan ao desenvolvemento destas competencias. A través das leccións intercurriculares trabállanse contidos directamente relacionados coas matemáticas ou as ciencias como:

☞☞☞ Unidade 1: aprenden sobre a vida na época medieval (ciencias sociais).

☞☞☞ Unidade 2: aprenden sobre a historia do transporte moderno (ciencias sociais).

- Unidade 4: aprenden sobre como chegan os tomates da horta ata nosos fogares (ciencias sociais).
- Unidade 5: aprenden sobre tecnoloxía (ICT).
- Unidade 6: aprenden sobre as costas británicas (ciencias naturais).

4. 3.4. Contidos

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Estes catro bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

1. Estratexias de comprensión de textos orais:

Mobilización de expectativas, identificación de claves e inferencias, comprobación e reformulación de hipóteses.

2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

3. Funcións comunicativas:

Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, convites.

Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.

Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. Narración de feitos pasados remotos e recentes.

Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. Establecemento e mantemento da comunicación.

4. Estructuras sintácticodiscursivas:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*); disxunción (*or*). Afirmación: (*affirmative sentences*; (*Yes (+ tag)*)).

Exclamación: (*Help! Sorry!*). *How + Adj.*, e.g.: *How nice!*; *exclamatory sentences*, e. g.: *I love salad!*.

Negación: (*negative sentences with not*), *no (Adj.)*, *No (+ negative tag)*).

Interrogación: (*How are you?*, *How many...?*, *Wh- questions*, *Aux. questions*). Expresión do tempo: presente (simple present); pasado (past simple) futuro (going to). Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present continuous*).

Expresión da modalidade: capacidade (can); permiso (can); intención (going to).

Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade (very + Adj.).

Expresión da cantidade: (singular/plural; cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: many, some, (a) little, more, half, a bottle, a cup, a glass, a piece. Degree: very). Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance).

Expresión do tempo (points (e. g. half past past five); divisions (e. g. half an hour, summer), indications of time: anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then).

Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well, quickly, carefully).

5. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ámbito; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, ocio e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio, clima e ámbito natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

6. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

□□ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

1. Estratexias de produción de textos orais:

- Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais.

2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

3. Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, convites.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

4. Estruturas sintáctico discursivas:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*);
disxunción (*or*). Afirmación: (*affirmative sentences*;
(*Yes (+ tag)*)).

Exclamación: (*Help! Sorry!*). *How + Adj.*, e.g.: *How nice!*; *exclamatory sentences*, e. g.: *I love salad!*.

Negación: (*negative sentences with not*), *no (Adj.)*, *No (+ negative tag)*).

Interrogación: (*How are you?*, *How many...?*, *Wh- questions*,
Aux. questions). Expresión do tempo: presente (simple

present); pasado (past simple) futuro (going to). Expresión do
aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present continuous*).

Expresión da modalidade: capacidade (can); permiso (can); intención (going to).

Expresión da existencia (*there is/are*); a entidade (*nouns and pronouns, articles, demonstratives*); a calidade (*very + Adj.*).

Expresión da cantidade: (*singular/plural; cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: many, some, (a) little, more, half, a bottle, a cup, a glass, a piece. Degree: very*). Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance*).

Expresión do tempo (*points* (e. g. *half past past five*); *divisions* (e. g. *half an hour, summer*), *indications of time: anteriority* (before); *posteriority* (after); *sequence* (*first...then*).

Expresión do modo (*Adv. of manner*, e. g. *slowly, well, quickly, carefully*).

5. Léxico oral de alta frecuencia (producción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ámbito; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, ocio e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio, clima e ámbito natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

6. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. Estratexias de comprensión de textos escritos:

- Mobilización de expectativas, identificación de claves e inferencias, comprobación e reformulación de hipóteses.

2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

3. Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, convites.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

4. Estructuras sintácticodiscursivas:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*);
disxunción (*or*). Afirmación: (*affirmative sentences*;
(*Yes (+ tag)*)).

Exclamación: (*Help! Sorry!*). *How + Adj.*, e.g.: *How nice!*; *exclamatory sentences*, e. g.: *I love salad!*.

Negación: (*negative sentences with not*), *no (Adj.)*, *No (+ negative tag)*).

Interrogación: (*How are you?*, *How many...?*, *Wh- questions*,
Aux.questions). Expresión do tempo: presente (simple

present); pasado (past simple) futuro (going to). Expresión do
aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present continuous*).

Expresión da modalidade: capacidade (can); permiso (can); intención (going to).

Expresión da existencia (*there is/are*); a entidade (*nouns and pronouns, articles, demonstratives*); a calidade (*very + Adj.*).

Expresión da cantidade: (*singular/plural; cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: many, some, (a) little, more, half, a bottle, a cup, a glass, a piece. Degree: very*).

Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance*).

Expresión do tempo (*points (e. g. half past past five); divisions (e. g. half an hour, summer), indications of time: anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then)*).

Expresión do modo (*Adv. of manner, e. g. slowly, well, quickly, carefully*).

5. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ámbito; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, ocio e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio, clima e ámbito natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

<p>Capta o sentido xeral e algúns detalles específicos de anuncios publicitarios sinxelos sobre produtos que lle interesan. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas. Comprende textos orais de carácter informativo e é capaz de extraer información global e algúns datos específicos. Identifica o tema dunha conversa moi sinxela e predecible que ten lugar na súa presenza nalgún espacio público real ou simulado sobre temas coñecidos.</p> <p>Distingue os cambios de tema e infire o sentido xeral de programas de televisión ou outro material audiovisual dentro da súa área de interese.</p>	<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os principais puntos do texto. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá, condicións de vida, relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente sobre temas habituais e concretos. Distinguir a función comunicativa principal do texto, así como os patróns discursivos básicos. Recoñece-los significados mais comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunidade oral. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta</p>	<p>CL SC CD CE C AA</p>	<p>CL1.1. escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico. CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación CL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. . CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. CL1.5. escoita e discrimina sons. SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o turno de palabra. SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con</p>

	<p>frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos e empregar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p> <p>Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entonación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con os mesmos.</p>	<p>outras persoas e mostra cara as persoas que falan a lingua estranxeira.</p> <p>SC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital.</p> <p>CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información.</p> <p>CD3. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.</p> <p>CEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>CEC2. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación.</p> <p>AA3. Valora a lingua estranx</p>
--	--	---

Bloque 2: Producción de textos teatrais. Expresión e interacción

Estándares de aprendizaxe	Criterios de avaliación	CCBB	Indicadores-Competencia
<p>Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese. Desenvólvese con relativa seguridade en situacións cotiás simples, reais ou simuladas. Responde adecuadamente en situacións de comunicación. Participa en conversacións cara a cara ou por medios técnicos nas que se establece contacto social, se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, ofrécese algo a alguén, pídesse prestado algo, etc.</p>	<p>Coñecer e saber aplica-las estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos. Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral axeitada ao contexto. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais para iniciar, manter ou concluír unha conversa breve. Participar de xeito simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que se produzan titubeos, vacilacións, repeticións ou pausas para reorganizalo discurso. Manexar estruturas sintácticas básicas aínda que se poidan cometer erros básicos de xeito sistemático en, p. ex., tempos verbais ou na concordancia. Coñecer e</p>	<p>CL SC SIEE CEc C AA</p>	<p>CL2.1. Fai un uso axeitado da pronunciación, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos. CL2.2. Participa en representacións sinxelas. CL2.3. Pode organizar as súas breves exposicións, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia. CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. CL3.2. Mantén conversacións cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar a quen fala, respectando o turno de palabra. SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira. AA2. Usa algunhas estratexias de tipo problemas de</p>

	utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos. Articular un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.		comunicación. SIEE3. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado CEC4. Participa na elaboración empregando diferentes recursos escénicos.
--	--	--	--

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Criterios de avaliación	CCBB	Indicadores-Competencia
Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo. Comprende correspondencia breve e sinxela que trate sobre temas familiares. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas sempre e cando a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento. Comprende o esencial de noticias breves e artigos de revistas infantís que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese.	Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os puntos principais do texto. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos sobre a vida cotiá, condicións de vida, relacións interpersoais e convencións sociais, e aplica-los coñecementos adquiridos. identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato imprimido coma en soporte dixital, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia. Distingui-la función ou funcións comunicativas principais do	CL SC CD CSIEE AA CEC CMCT	CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos. CL4.2. Localiza información explícita en textos diversos sobre temas de interese. CL4.3. Realiza inferencias diversos sobre temas de interese. CL4.4. Le textos diversos sobre temas de interese. SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara as persoas que falan a lingua estranxeira. SC4. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira. CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital.

	<p>texto e un repertorio limitado dos seus expoñentes mais habituais, así coma os patróns discursivos básicos. Recoñece-los significados mais comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos, e inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. Recoñecer os signos ortográficos básicos, así coma símbolos de uso frecuente, e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionadas cos mesmos.</p>	<p>CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información. CD3. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira. SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes. SIEE2. Goza de forma autónoma da lectura de textos axeitados á súa idade manifestando unha actitude positiva cara á lectura AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües e monolingües. AA3. Valora a lingua estranxe CEC1. Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira. CEC2. Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira. CMCT3. Relaciona determinadas prácticas de vida co axeitado funcionamento do corpo. CMCT4. Identifica diferentes especies de seres vivos. CMCT5. Recoñece o proceso</p>
--	--	--

Bloque 4: Producción de textos escritos: Expresión e interacción

Estándares de aprendizaxe	Criterios de avaliación	CCBB	Indicadores-Competencia
<p>Escribe cun modelo correspondencia persoal breve e simple na que dá as grazas, felicita alguén, fai un convite, ou fala de si mesmo e do seu ámbito inmediato.</p> <p>Constrúe textos narrativos sinxelos reproducindo estruturas e/ou formas previamente traballadas.</p> <p>Escribe,baseándose nun modelo, textos breves de carácter informativo sobre temas traballados previamente.</p>	<p>Coñecer e aplica-las estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos. Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción escrita axeitada ao contexto.</p> <p>Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu ámbito máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá. Cumpri-la función comunicativa principal do texto escrito, empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes mais frecuentes e de patróns discursivos básicos. Manexar estruturas sintácticas básicas, aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático en, por exemplo, tempos verbais ou na concordancia. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo</p>	<p>CL SC CD CSIEE CMCT</p>	<p>CL5.1. Escribe en lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente. CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ao destinatario e á finalidade do texto.</p> <p>SC3. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra cara as persoas que falan a lingua estranxeira.</p> <p>CD1. Busca, recopila e organiza información en soporte dixital.</p> <p>CD2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información.</p> <p>CD3. Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.</p> <p>SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes.</p> <p>SIEE3. Emprega estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.</p> <p>CMCT1. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación. CMCT2. Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá empregando os gráficos estadísticos mais axeitados á situación, táboa ou gráfica.</p> <p>AA1. Emprega estratexias para</p>

	a situacións cotiás e temas habituais e concretos. Aplicar patróns gráficos básicos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable precisión palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.		aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües e monolingües. AA3. Valora a lingua estranxeira como ferramenta de aprendizaxe. CEC3. Emprega técnicas artí ou documentos artísticos.
--	--	--	--

16. PD ED. FÍSICA

INDICE

APARTADO
INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN
INTRODUCCIÓN: CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
COMPETENCIAS CLAVE PARA ED. PRIMARIA
OBXECTIVOS PARA A ED. PRIMARIA
CARACTERÍSTICAS DA ED. FÍSICA NA PRIMARIA
BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE ED. FÍSICA
CONTRIBUCIÓN DA ED. FÍSICA NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA ETAPA
OBXECTIVOS PARA O QUINTO CURSO DE PRIMARIA
CONTIDOS , TEMPORALIZACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE PARA QUINTO CURSO
A AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE AVALIACIÓN,
A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
METODOLOXÍA
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
ACTIVIDADES EXTRASCOLARES
ACCIÓNS PREVISTAS NO "PROXECTO LECTOR"
ACCIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN
AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DO QUINTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTUALIZACIÓN

O noso colexio é un Centro de Educación Infantil e Primaria con alumando de 3 A 12 anos de idade. A matrícula aproximada é de 123 alumnos.

O centro está situado nun entorno urbano e a maioría das familias teñen un nivel formativo básico e medio.

O Claustro do profesorado está formado por 15 mestres, no que a gran maioría teñen o seu destino definitivo neste centro.

A Comunidade educativa considera que educar para a convivencia responde á necesidade de formar cidadáns que se responsabilizan dos seus actos, respectándose a si mesmo e ás demais persoas. E os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos e cando xorden problemas na convivencia escolar, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da educación de xeito activo e, en caso de conflitos, todos deben ser parte da solución.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO NO QUINTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Esta etapa caracterízase polo abandono progresivo da infancia, aínda que, na meirande parte dos casos, aínda non se atopan (os nenos e nenas) na adolescencia.

Consérvanse, ás veces, comportamentos moi infantís, pero noutras maniféstase xa coma un adolescente. Abúrrese, compadécese a si mesmo e identifícase con facilidade con figuras do espectáculo ou do deporte.

Ten xa unha notable autonomía e, nembargantes, a opinión do grupo impórtalle moito. Ten, aínda, máis interese polas cousas e polas persoas que por el mesmo: Isto, xunto co seu interese polo xogo, ratifica que aínda é un neno, moito máis maduro, pero un neno.

Cara ós once anos adopta formas máis orixinais na maneira de pensar e non somentes acumula datos, senón que é capaz de formular hipóteses explicativas das cousas.

No remate da etapa hai certa aceleración no crecemento da memoria inmediata e a capacidade de fixar, co cal pode afronta-lo estudo de textos máis longos.

O dominio da atención vaino adquirindo paseniñamente, gracias ós medios indirectos de reclama-lo interese, coma son os desexos de obter boas cualificacións e se-los primeiros en algo. Máis adiante, se manexan axeitadamente os estímulos, aparecerá o hábito de atender.

A imaxinación sofre, neste período, unha detención no seu desenrolo i está dominada polo afán que ten de pasar todo o coñecemento pola comprobación.

É habitual, nesta etapa, que se pregunte se o que escoita é un feito histórico ou unha ficción. Nembargantes ten grande interese polo lonxano, o extraordinario e o utópico.

O seu desenrolo motor continúa mellorando na rapidez de execución de movementos e nas coordinacións, tanto globais coma óculomotrices (ollo-man e ollo-pé).

Ó incrementarse a eficacia no pensamento mellora tamén a fluidez e sentido nos movementos.

O grupo tende a ser homoxéneo e segregarse en función do sexo. É a etapa de máxima ruptura entre sexos e cada un deles expón os motivos de dita ruptura.

Experimenta un importante aumento na súa capacidade motriz. É un momento ideal para perfecciona-las coordinacións esixidas nos xogos e nos predeportes.

En ningunha época da vida ten o individuo vinculación tan forte ó grupo coma nesta época. O resgo máis notable é a socialización.

É, polo dito ata agora, a etapa máis idónea para a práctica e participación en xogos grupais de equipo e os predeportes.

COMPETENCIAS BÁSICAS A ACADAR NA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Competencia lingüística.
2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA

A Educación Física na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento (de si mesmo, de si mesma e do contorno), de organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo), anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física), estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación), de relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes), agonística (esforzándose e superando dificultades), hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades), hedonista (como fonte de gozo), de compensación (fronte á vida sedentaria) e catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dásele importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e mais que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar

as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

O corpo: imaxe e percepción

Neste bloque trátanse as capacidades perceptivas. Veñen representadas polo esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento; pola percepción do espazo e pola do tempo. Tamén se inclúen neste bloque o equilibrio, debido á relación que ten coa percepción, o ton muscular (preciso para adoptar posturas cotiás) e a capacidade para relaxarse, así como a respiración.

A percepción do contorno comprende a do espazo e a do tempo, aspectos que evolucionan paralelamente ao desenvolvemento madurativo das nenas e dos nenos entre os 6 e os 12 anos (período de operacións concretas), idades de referencia da educación primaria. O equilibrio, pola súa banda, está en estreita relación coa actividade tónica e postural, aspectos presentes no esquema corporal.

Habilidades motrices

O segundo bloque de contidos céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices

complexas. A coordinación mellórase con gran cantidade e variedade de movementos, polo que vai estar moi relacionada coa adquisición das habilidades.

Actividades físicas artístico - expresivas

O terceiro bloque abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englábanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. O ritmo mellora a percepción temporal, polo que se relaciona co primeiro bloque de contidos. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

Outro dos aspectos específicos da expresión corporal é a dramatización e a comunicación a través do corpo. Esta incentivarase coa utilización de obxectos e coa interacción con outras persoas para representar personaxes, ideas, emocións, sentimentos, situacións... Valorarase especialmente a superación do medo ao ridículo, o respecto polas execucións alleas, a participación e o gozo practicando estas actividades. Favorecerase a creatividade incentivando o alumnado para que

se exprese por medio de accións de acordo cuns estímulos dados e para que elabore coreografías en grupo xa nos últimos cursos.

Actividade física e saúde

Este bloque engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde (que se relaciona co segundo bloque), a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

A hixiene corporal estará presente desde idades temperás. Fomentárase a hixiene do propio corpo, facendo fincapé no aseo e no cambio de roupa despois da sesión de educación física, buscando a perduración deste hábito ao longo da vida. En canto á hixiene postural, traballárase a aprendizaxe de posturas correctas, tanto relacionadas co exercicio físico coma coa vida cotiá. A alimentación ten especial relevancia na actualidade, xa que nos últimos anos se incrementaron os problemas relacionados cos hábitos alimenticios e coa falta de práctica de actividade física (anorexia, obesidade...); por iso ten que levarse a cabo un labor de concienciación en todos os ciclos como base para unha aprendizaxe ao longo da vida. Finalmente, as nenas e os nenos destas idades deben ser responsables con respecto á práctica da educación física e o deporte e coñecer certos parámetros (quecemento, relaxación, dosificación...) que evitarán accidentes e riscos innecesarios.

Xogos e deportes

O quinto bloque presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

O xogo está presente case desde o nacemento e vai evolucionando coa persoa. Antes, o xogo usábase cando non se estaba a traballar, como distensión, mais as correntes pedagóxicas actuais indican que é unha boa maneira de conseguir os obxectivos previstos (xogo como medio). Utilizaranse estratexias de cooperación, de oposición e de cooperación/oposición, experimentando a tensión intrínseca do xogo, aceptando a vitoria e a derrota, amosando respecto polo resto das persoas que xogan e polas normas e regras. Os xogos populares tradicionais de Galicia estarán presentes en todos os ciclos desta etapa educativa, de maneira que a área contribúa á conservación da cultura galega.

Nestes bloques intégranse os conceptos, procedementos e actitudes, aínda que non se diferencian explicitamente. A pesar de que debe haber unha sincronía entre a teoría e a práctica, os procedementos son prioritarios en educación física, xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica. Estes procedementos propician a adquisición dunha boa competencia no plano motor e conducen, irremediabilmente, cara á asimilación de conceptos. As actitudes permiten afrontar con interese e con respecto as situacións que se propoñan, contribuíndo ao desenvolvemento dunha personalidade equilibrada.

Para rematar, a actividade física debe ser enfocada de tal xeito que mellore as relacións afectivas e potencie as actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distincións por razón de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física ou sensorial...

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESENEOLO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E RELACIÓN CON DITAS COMPETENCIAS

Competencia lingüística.

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- * Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- * A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.
- * A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- * Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.
- * Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- * Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...
- * Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

Competencia dixital.

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

* Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.

* Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización de a internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencias sociais e cívicas..

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

* Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.

* A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...

* Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

Conciencias e expresións culturais.

A educación física achégase a esta competencia:

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Aprender a aprender.

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino - aprendizaxe:

* Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

* O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.

* Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor..

A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

* Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.

* Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.

* Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguírase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inxerencias, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinariedade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia.

Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O

desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DE ETAPA

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio de unha sociedade democrática.

- Competencias sociais e cívicas

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa personal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Aprender a aprender
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Competencias sociais e cívicas

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

d) Coñecer, comprender e respectar as diversas culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.

- Competencias sociais e cívicas

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado as linguas galega e castellana e desenvolver hábitos de lectura.

- Comunicación lingüística

f) Adquirir en, alo menos, una lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.

- Comunicación lingüística

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
 - Competencias sociais e cívicas
 - Conciencia e expresións culturais
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Competencia dixital
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Conciencia e expresións culturais
 - Competencias sociais e cívicas
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferencias e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
 - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 - Competencias sociais e cívicas
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Competencias sociais e cívicas
 - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Competencias sociais e cívicas

OBXECTIVOS PARA 5º CURSO

1. Saber que o corpo medra e cambia.
2. Saber que cada persoa medra e cambia a distinto ritmo.
3. Coñecer as posibilidades de movemento que ten o corpo.
4. Comprobar o gasto de enerxía que se produce coa a práctica de exercicios físicos.
5. Coñecer os componentes vitais dos alimentos.
6. Coidar a postura, buscando sempre o equilibrio corporal.
7. Experimentar equilibrios estáticos e dinámicos.
8. Mellorar a coordinación motriz e sus requisitos.
9. Ser quen de desenvolverse afeitadamente polo espazo das actividades.
10. Coñecer e distinguir os criterios hixiénicos relacionados co medio ambiente.
11. Practicar diferentes formas de desprazamentos e coñecer as funcións que cumpren.
12. Distinguir diferentes xeitos de salto e experimentar con eles.
13. Practicar distintas formas de xiro, analizando os eixos, as posicións e as traxectorias.
14. Entender e poñer en práctica o mecanismo dos lanzamentos e as recepcións.
15. Coñecer as normas de prevención de riscos e de seguridade nos xogos e e nas demais actividades físicas.
16. Coñecer e practicar o queceamento.
17. Practicar e mellorar a flexibilidade.
18. Aprender a medir a flexibilidade.
19. Coñecer aa resistencia e os seus diferentes tipos.
20. Practicar actividades que desenvolvan a resistencia aeróbica.
21. Calcular a velocidade dos movementos.
22. Valorar a importancia que ten a actividade física para manter a saúde.
23. Coñecer a orixe e a importancia dos xogos.
24. Diferenciar entre xogos de oposición e de cooperación.
25. Practicar xogos cooperativos.
26. Experimentar coa conducción e o pase de balón en diferentes deportes.
27. Valorar a importancia das regras de xogo.
28. Inventar xogos e deportes coas súas normas e regras.
29. Previr os riscos que se pueden orixinar durante as prácticas físicas.
30. Entender o concepto de «expresión corporal».
31. Valorar a importancia da expresión corporal como contido de Educación Física.
32. Coñecer o corpo para expresarse a traveso del.
33. Aprender a utilizar os xestos e as posturas na expresión corporal.
34. Recoñecer a danza como forma de expresión individual e colectiva.
35. Contar historias a través da danza.
36. Entender o teatro como un medio de educación e de expresión.
37. Elaborar un guion de teatro.
38. Entender o ocio activo como elemento beneficioso para a saúde.

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN: Setembro: PROBAS DE AVALIACIÓN INICIAL

UNIDADE 1

TEMPORALIZACIÓN : Outubro, novembro, decembro

CONTIDOS

Os cambios corporais.
Ósos, músculos e movemento.
Alimentación, enerxía e movemento.
O coidado da postura.
O equilibrio. Concepto e tipos.
La coordinación motriz.
O espacio de acción.
Normas hixiénicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE

- 1.1. Entende que o corpo medra e cambia.
- 2.1. Sabe que cada persona medra e evoluciona a distinto ritmo.
- 3.1. Coñece as posibilidades de movemento que ten o corpo.
- 4.1. É consciente do gasto de enerxía que se produce coa práctica de exercicios físicos.
- 5.1. Coñece os componentes vitais dos alimentos.
- 6.1. Coida a postura, buscando sempre o equilibrio corporal.
- 7.1. Experimenta equilibrios estáticos e dinámicos.
- 8.1. Coñece a coordinación motriz e os seus requisitos, e utilízaos de xeito práctico..
- 9.1. Desenvolve axeitadamente polo espacio das actividades.
- 10.1. Coñecece, distingue e respecta os criterios hixiánicos relacionados co medio ambiente.

COMPETENCIAS

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS

Comunicación lingüística

- Lectura comprensiva para motivar o interese polos contidos da unidade e fomentar a reflexión razonada sobre eles.
- Exposición, tras el análisis da información contida na lámina inicial, das diferentes actividades físicas que en ella se representan.
- Uso correcto dos términos referidos ás diferentes zonas da columna vertebral.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía

- Realización de medicións.
- Desenvolvemento do sentido da orientación e aplicación sobre as distancias e los períodos de tempo.

Competencia dixital

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

Aprender a aprender

- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre los diferentes tipos de equilibrio.
- Manexo eficaz dos recursos e das técnicas adquiridos no desenvolvemento das habilidades motrices.
- Prácticas de accións coordinadas.
- Análise das posturas forzadas que, as veces, poden adoptar os alumnos.
- Recollida de datos sobre o grado de orientación que van adquirindo os alumnos e detección das súas habilidades para desenvolverse no espacio.

Competencias sociais e cívicas

- Valoración do coñecemento do corpo.
- Comprobación da aceptación dos cambios que se orixinan no corpo.
- Manifestación de actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Toma de decisións nas actividades coordinativas.
- Participación en todas as actividades plantexadas, toma de decisións e comportamento responsable.
- Apreciación das iniciativas e as aportacións dos demais.
- Cumprimento das rutinas de hixiene e de coidado do corpo, así como das actitudes adquiridas para o coidado do medio ambiente.

UNIDADE 2

TEMPORALIZACIÓN: Xaneiro, febreiro e marzo

CONTIDOS

Desprazamentos de diversos tipos.

Saltar, xirar e voltear.

Lanzar e recibir.

Normas de seguridade nas actividades físicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

